

ASUNTO: Resolución de aprobación das listas de espera definitivas en segundas ou posteriores adjudicacións de vivendas vacantes de promoción pública no concello de **A PONTENOVA**.

VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA VPP Vacantes existentes durante a vixencia da lista.	VIXENCIA: Base 7ª TIPO: Segundas adjudicacións de VPP Quenda Xeral en réxime de alugueiro	
LOCALIZACIÓN: A PONTENOVA	CONCELLO: A PONTENOVA	PROVINCIA: LUGO

Unha vez rematado o trámite de reclamacións á lista provisional de reservas resultante do sorteo celebrado o 19 de xuño de 2025, tendo en conta o procedemento establecido no Decreto 1/2010 polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, a Comisión Provincial de Vivenda, en sesión celebrada con data **16 de setembro de 2025**.

RESOLVE:

1. Aprobar as listas definitivas de reservas e excluídos ao abeiro do establecido no artigo 26 do citado Decreto 1/2010.
2. Publicar as ditas listas na páxina web do Instituto Galego de Vivenda e Solo e nos taboleiros de anuncios da Xefatura da Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo de Lugo e no Concello de **A PONTENOVA**.

Contra esta resolución, que esgota á vía administrativa, poderá presentar un recurso potestativo de reposición ante a Comisión Provincial de Vivenda de Lugo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao desta publicación, de conformidade co previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben poderá ser recorrida directamente ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, consonte co establecido no artigo 46 de Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No suposto de que o interesado sexa unha administración pública, no lugar do recurso de reposición, poderá dirixir ao órgano competente, no prazo de dous meses, o requirimento previo previsto no artigo 44 da citada Lei 29/1998.

Lugo, na data da sinatura electrónica.

O presidente da Comisión Provincial de Vivenda
Marco Antonio Fernández Piñeiro



VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA VPP Vacantes existentes durante a vixencia da lista.	VIXENCIA: Base 7ª TIPO: Segundas adxudicacións de VPP Quenda Xeral en réxime de alugueiro	
LOCALIZACIÓN: A PONTENOVA	CONCELLO: A PONTENOVA	PROVINCIA: LUGO

INTEGRANTES DA LISTA DEFINITIVA

Cupo: Xeral –

Lista de espera definitiva:

1º --> Credencial: 120308 -- FRANCISCO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

Credenciais excluídas:

--> Credencial: 119984 -- JORGE DANIEL LEAL MARTINEZ (2, 4)

Motivos de exclusión:

- 1- Os ingresos ponderados do exercicio 2024 superan o IPREM máximo previsto nas bases.
- 2- Os ingresos ponderados do exercicio 2024 non acadan o IPREM mínimo previsto nas bases.
- 3- Resultar ser propietario dunha vivenda, ou dispoñer doutros ben inmobles con valor catastral superior a 30.000€.
- 4- Non acreditar residencia ou contrato de traballo no concello onde radican as vivendas.
- 5- A inscrición no RUDEVI non está vixente.

Esta publicación substituirá as notificacións persoais de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

